

RESOLUCIÓN do 07 de febreiro de 2024 pola que se publica a listaxe de puntuacións globais definitivas do proceso selectivo de unha praza de titulado/a superior de xestor de proxecto para a Unidade de desenvolvemento e innovación sanitaria, para o apoio e soporte técnico na xestión do proxecto TARTAGLIA, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (DOG num. 224 do 24 de novembro de 2023),

O tribunal nomeado por Resolución do 11 de xaneiro de 2024 pola que se nomea o tribunal de selección de prazas de xestores de proxecto convocadas pola Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde para a xestión de proxectos europeos na Unidade de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria, en base á mencionada convocatoria do 15 de novembro, elevou a esta Xerencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde a listaxe coas puntuacións globais definitivas de dito proceso selectivo; polo que, en uso das facultades conferidas polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos (DOG nº 157, de 19 de agosto) e de conformidade co establecido nas bases da convocatoria, esta xerencia,

RESOLVE

Primeiro: Facer pública a listaxe coas puntuacións globais definitivas do proceso selectivo de unha praza de titulado/a superior para a Unidade de desenvolvemento e innovación sanitaria para o apoio e soporte técnico na xestión do proxecto TARTAGLIA.

Dita relación, que figura como anexo a esta resolución, publicarase na páxina web da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (acis.sergas.gal).

Segundo.- De acordo coa base sexta da convocatoria, o/a aspirante deberá presentar no prazo de cinco días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación desta resolución, a seguinte documentación ante a Axencia:

- Tarxeta Sanitaria e/ou número de afiliación á Seguridade Social.
 - Certificado médico oficial ou informe de saúde no que se acrediten os extremos sinalados na base 2.1.5 da convocatoria.
 - Declaración, baixo a súa responsabilidade, de non ter sido separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas a efectos de acreditar os extremos sinalados na base 2.1.6 da convocatoria.
- Se o/a candidato/a seleccionado/a non presentase a documentación no prazo establecido resultará excluído/a da convocatoria.

Despois de presentada a súa documentación, segundo o establecido nos puntos anteriores, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos, procederase á formalización da contratación obxecto da convocatoria.

Terceiro.- Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, cabe interpor recurso de alzada ante a Presidencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao amparo do artigo 121.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Xerente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo



Relación de aspirantes coas puntuacións globais definitivas, no proceso selectivo para a provisión mediante contrato laboral temporal de unha praza de titulado/a superior para a Unidade de desenvolvemento e innovación sanitaria para o apoio e soporte técnico na xestión do proxecto TARTAGLIA.

| Candidatos/as | DNI | Baremación méritos | Puntuación entrevista | Total |
|------------------------|-------|--------------------|-----------------------|------------|
| VÁZQUEZ BUSTO, YOLANDA | *109M | 3,9 puntos | 1,5 puntos | 5,4 puntos |

